

Os nosos negocios e enseñas 102-2; 102-4; 102-6; 102-7



A vontade de EROSKI de avanzar no desenvolvemento do negocio cara a un modelo de empresa multiformato permitiu que a organización conte cunha rede comercial de 1.348 establecementos vinculados á alimentación, ademais de dispor de 289 establecementos de negocios diversificados entre axencias de viaxes, gasolineras, tendas deportivas, ópticas e seguros.

Destas, 1.088 tendas son propias do Grupo EROSKI, están situadas en España, onde dan servizo a todo tipo de clientes, e son xestionadas por 28.939 traballadores e traballadoras. Ademais, contamos con 549 tendas franquia-

das con presenza fóra das nosas fronteiras: Andorra e Xibraltar (pertencente ao Reino Unido). Nas últimas dúas décadas, tamén é salientable o noso desenvolvemento en internet a través de oito tendas *online* diferentes. No capítulo 8 sobre Transparencia inclúese unha relación dos nosos negocios coas sociedades do Grupo EROSKI.

Varias entidades especializadas en zonas xeográficas e liñas de negocios concretos son consecuencia, no Grupo EROSKI, da nosa procura dunha maior calidade e excelencia nos produtos e servizos que ofrecemos. Entre elas destacan:



CAPRABO
É a empresa de supermercados máis antiga de España: celebrou o seu 60 aniversario en 2019 e forma parte do Grupo EROSKI desde 2007, cunha rede de supermercados que abarca zonas estratéxicas de Cataluña e Andorra.



VEGALSA-EROSKI
Forma parte do Grupo EROSKI desde 1998 e é o referente da distribución comercial en Galicia. Participada ao 50% pola familia Ventura González e EROSKI. Actualmente desenvolve tamén a súa actividade nas comunidades limítrofes de Asturias e Castela e León, onde conta cunha forte implantación e diferentes enseñas ademais de EROSKI, como Familia e Onda.



FORUM SPORT
Enseña de deportes do Grupo EROSKI, con 25 anos de experiencia na venda especializada de material deportivo e presente en 12 comunidades autónomas. A súa rede comercial inclúe varias tendas especializadas en *zapatillas deportivas* e roupa para mozos coa marca Dooers.



GASOLINEIRAS
EROSKI conta en 2019 con 42 gasolineras, situadas estratéxicamente xunto aos seus hipermercados e supermercados. As gasolineras EROSKI manteñen a política da cooperativa de trasladar aos seus clientes os mellores prezos, facilidades de pagamento e descontos.



Viajes EROSKI
Axencia de viaxes do Grupo EROSKI (incluíndo tamén Viatges Caprabo, en Cataluña, ademais das súas oficinas *online* www.viajeseroski.es e www.viatgescaprabo.com). Ademais da súa actividade no sector das vacacións, destacan o seu servizo de atención exclusiva ás empresas nas principais cidades (Madrid e Barcelona, entre elas), e unha división especializada na organización de convencións e congresos (Travel Air Events). Travel Air forma parte de GEBTA (Guild European Business Travel Agents) e ITP (International Travel Partnership).



ÓPTICAS
EROSKI dispón dunha cadea de 11 centros ópticos cos mellores profesionais, produtos, servizos e garantías. Nas súas ópticas ofrécese unha variada gama de produtos de calidade e deseño: lentes graduadas e de sol, lentes de contacto, líquidos e accesorios, etc.

Número de tendas do Grupo EROSKI e franquías por negocio

Negocio	Propias	Franquías	Total
Hipermercados	46	1	47
Supermercados	760	522	1.282
Cash & Carry	19	-	19
Gasolineras	42	-	42
Ópticas	11	-	11
Axencias de viaxes	141	25	166
Tendas de material deportivo FORUM SPORT	69	1	70
Tendas <i>online</i>	8	-	8

Total tendas Grupo EROSKI
1.645

Propias
1.096

Franquías
549

Véxase a Táboa 2 do Anexo de Indicadores para comparativa con anos anteriores.

Número de supermercados do Grupo EROSKI e franquías por enseñas

Enseña de supermercados	Propios	Franquías	Total
EROSKI/City*	297	259	556
CAPRABO	226	71	297
EROSKI/Center	162	2	164
ALIPROX	-	112	112
FAMILIA	75	-	75
ONDA	-	57	57
RAPID	-	21	21

Total supermercados Grupo EROSKI
1.282

Propios
760

Franquías
522

Véxase a Táboa 3 do Anexo de Indicadores para comparativa con anos anteriores.

* A cifra de EROSKI/City inclúe os establecementos MERCA, cuxa cifra en anos anteriores era presentada desagregada.